

nota de prensa



O Centro Oceanográfico de Vigo celebra por segundo ano consecutivo a Noite Europea dos Investigadores

A Casa das Artes de Vigo acollerá a actividade “*Oceanoteca: Noite Europea dos Investigadores*” o 27 de setembro de 17 a 23 horas



Cartel para a Noite Europea dos Investigadores do Centro Oceanográfico de Vigo

O Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO), compartirá o seu traballo coa sociedade nos talleres científicos que levará a cabo na Casa das Artes (Policarpo Sanz, 15) o próximo 27 de setembro de 17 a 23 horas, coincidindo coa Noite Europea dos Investigadores.

Martes, 24 de setembro de 2019. Persoal das principais liñas de investigación do Centro responderá ás preguntas e achegará as súas explicacións sobre diversos temas, como os ecosistemas profundos, os recursos vivos e a pesca, a oceanografía e a contaminación, o plancto e as mareas vermellas. Esta actividade, centrada este ano no impacto do ser humano no mar, levarase a cabo en sete talleres a modo de “minilaboratorios” adaptados a todas as idades, onde se poderá interactuar e aprender, de xeito sinxelo e lúdico. Os máis pequenos contarán cun taller de reciclado, relacionado coa temática xeral do evento, no que mediante xogos e manualidades se achegarán ó océano. Ademais instalarase unha zona interactiva na que se poderá visualizar un vídeo sobre el Centro Oceanográfico de Vigo en formato de 360º, no que se poderá coñecer o traballo que desenvolve.

Ó longo da tarde realizaranse catro talleres de Gyotaku, método tradicional artístico xaponés que consiste na impresión natural de peixes. Haberá unha sesión para nenos (de 8 anos en adiante), ás 17.30h e outra ás 18.30h con 10 participantes cada unha e dúas para adultos: 20.00 e 21.30h, con 15 participantes cada unha. Para poder participar nos talleres de Gyotaku é precisa inscrición previa no correo ieo.vigo@ieo.es, indicando se está interesado en participar na sesión de nenos ou adultos e dando un nome e un teléfono de contacto. A inscrición ábrese hoxe día 24 e as prazas asignaranse por rigorosa orde de inscrición, ata completar aforo.

Os talleres completaranse coa realización de un bingo mariño e un Kahoot, no que os participantes responderán preguntas relacionadas coa actividade por medio de un dispositivo móbil. Ademais haberá un photocall para que os participantes poidan inmortalizar o seu paso pola actividade.

A realización desta actividade foi posible grazas á colaboración do Concello de Vigo.

A Noite Europea dos Investigadores é un proxecto europeo de divulgación científica promovido pola Comisión Europea dentro das accións Marie Skłodowska-Curie do programa 'Horizonte 2020', que ten lugar simultaneamente en máis de 340 cidades europeas desde 2005.

El Instituto Español de Oceanografía (IEO), es un organismo público de investigación (OPI), dependiente del Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, dedicado a la investigación en ciencias del mar, especialmente en lo relacionado con el conocimiento científico de los océanos, la sostenibilidad de los recursos pesqueros y el medio ambiente marino. El IEO representa a España en la mayoría de los foros científicos y tecnológicos internacionales relacionados con el mar y sus recursos. Cuenta con nueve centros oceanográficos costeros, cinco plantas de experimentación de cultivos marinos, 12 estaciones mareográficas, una estación receptora de imágenes de satélites y una flota compuesta por seis buques oceanográficos, entre los que destaca el Ramón Margalef y el Ángeles Alvariño. El Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) y, en particular, el Programa Operativo de I+D+i por y para el Servicio de las Empresas (Fondo Tecnológico), participa en la cofinanciación de los buques Ramón Margalef, Ángeles Alvariño y Francisco de Paula Navarro, así como en el Vehículo de Observación Remota (ROV) Liropus 2000.



Más información: Uxía Tenreiro 986 49 21 11 | uxia.tenreiro@ieo.es

